

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. [X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#)
2. [Fotos do XIV Congreso Gallego de Estadística e Investigación Operativa](#)
3. [International Conference on Biometrics and Biostatistics](#)
4. [International Conference on Econometrics and Statistics](#)
5. [Praza de axudante doutor no Centro Universitario da Defensa](#)
6. [Oferta de emprego: investigadores posdoutorais no CINBIO](#)
7. [Oferta de emprego: contrato de investigación no ITMATI](#)
8. [Oferta de emprego: técnico superior de investigación](#)
9. [Oferta de emprego: investigadores posdoutorais no CITIC](#)

1.- X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos

A *Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións* (SGAPEIO) ten aberta a convocatoria do [X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#), organizado para estudantes de ESO, Bacharelato, FP básica e Ciclos Formativos de Grao Medio no curso 2019-2020. Con esta iniciativa académica preténdese que o estudantado se inicie no campo da Estatística e as súas aplicacións, tan útiles na Sociedade da Información na que vivimos.

Máis información en: <https://sgapeio.es/index.php/formacion-e-actividades/premios-sgapeio/3298-x-concurso-incubadora-de-sondaxes-e-experimentos>

2.- Fotos do XIV Congreso Gallego de Estadística e Investigación Operativa

Xa está disponible o álbum coas fotos que foron tomadas durante o *XIV Congreso Gallego de Estadística e Investigación Operativa*, celebrado en Vigo do 24 ó 26 de outubro de 2019.

A galería de fotos está dispoñible no seguinte link:

<https://photos.google.com/share/AF1QipPVfC-gGroNwZPs9zDVDGUSAwL3KfLNCrw3XL5aq4VePBOcflfsT2BDXrR7fZKSIA?key=d2RWWGRKM3pLb243UjBtc2dleVlnWVRhZWNDcmtR>

3.- International Conference on Biometrics and Biostatistics

A *International Conference on Biometrics and Biostatistics* celebrarase do 25 ó 26 de xuño de 2020 en París (Francia). O principal obxectivo busca o intercambio de experiencias e resultados no eido da Biometría e da Bioestatística.

Máis información en: <https://waset.org/conferences-in-june-2020-in-paris>

4.- International Conference on Econometrics and Statistics

O *4th International Conference on Econometrics and Statistics (EcoSta2020)* celebrarase en Seúl (Corea) do 20-22 de xullo de 2020. Centrarase nas novidades nas áreas de Econometría e Estatística.

Máis información en: <http://cmstatistics.org/EcoSta2020/>

5.- Praza de axudante doutor no Centro Universitario da Defensa

O pasado 22 de xaneiro publicouse no DOG a convocatoria dunha praza de Axudante Doutor no *Centro Universitario da Defensa - ENM (centro adscrito á Universidade de Vigo)*. O perfil está asociado á docencia en "Álgebra y Estadística" e "Cálculo y Ecuaciones Diferenciales", polo que a titulación requerida é licenciatura en Matemáticas ou graos afíns.

Máis información en: <https://cud.uvigo.es/concursoprofesorado>

6.- Oferta de emprego: investigadores posdoutorais no CINBIO

O *Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) da Universidade de Vigo* publicou a convocatoria para a cobertura de ata 3 prazas de investigador/a posdoutoral en calquera das liñas de investigación do. O *Grupo SiDOR da Universidade de Vigo* lidera a Unidad de Bioestadística y Epidemiología do propio centro singular, polo que a oferta vai dirixida a estadísticos/as con gran experiencia.

Máis información en: <http://sidor.uvigo.es/en/about/news/1284-postdoc-position-biostatistics-and-epidemiology-unit-at-cinbio-vigo-spain>

7.- Oferta de emprego: contrato de investigación no ITMATI

O *Instituto Tecnolóxico de Matemática Industria (ITMATI)* convoca un posto como investigador no marco do proxecto “*Desarrollo de algoritmos relacionados con Estadística, Optimización e Inteligencia Artificial*” entre ITMATI e unha empresa do sector de loita contra incendios forestais. Entre as tarefas a realizar está o desenvolvemento de algoritmos relacionados coa Estadística, Optimización e Intelixencia Artificial.

Máis información en: <http://www.itmati.com/oferta-de-empleo-itmati-ot-012020-1-contrato-como-investigadora-para-proyecto-%E2%80%9Cdesarrollo-de-algorit>

8.- Oferta de emprego: técnico superior de investigación

A *Fundación Biomédica Galicia Sur* convoca un posto como investigador no marco do proxecto “*Análisis estadístico avanzado de Bases de Datos en Reumatología*” no IIS Galicia Sur - Hospital do Meixoeiro (Área Sanitaria de Vigo). Entre as tarefas a realizar está o desenvolvemento de técnicas de Bioestadística e de Programación Estadística necesarias para a análise avanzado das Bases de datos do Grupo de Investigación en Reumatoloxía y Enfermedades Inmunomediadas (IRIDIS).

Máis información en: http://www.fundacionbiomedica.org/wp-content/uploads/2020/02/OFERTA-EMPLEO-INVESTIGACION_REUM-20-4.pdf

9.- Oferta de emprego: investigadores posdoutorais no CITIC

A *Universidade da Coruña*, para o seu *Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC)* ofrece dúas prazas para investigadores posdoutorais por 2 anos. O único requisito é o que os candidatos teñan unha traxectoria investigadora aliñada con alguna das áreas do CITIC.

Máis información en: https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2020/000520